



COMISION DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS
REPRESENTACION EN ESPAÑA



**Galicia
e a Unión Europea**

COMISIÓN DAS COMUNIDADES EUROPEAS

Representación en España:

Serrano, 41 - 5.ª planta

E - 28001 MADRID

Teléfono: (91) 435 17 00

Fax: (91) 576 03 87 y 577 29 23

As informacións contidas nestes documentos elaboráronse partindo do material facilitado por diferentes Direccións Xerais e Servizos da Comisión Europea.

Tamén se contou coa colaboración da Dirección Xeral de Planificación do Ministerio de Economía e Facenda, así como con material subministrado por diversos Servizos das Comunidades Autónomas.

Na súa redacción participaron D. José Antonio Nieto Solís e D. Alfonso Utrilla de la Hoz, profesores titulares da Universidade Complutense de Madrid.

O noso agradecemento ó Arquivo fotográfico de Turespaña (Secretaría General de Turismo), a Unión Fenosa e a outras institucións públicas e privadas, que nos proporcionaron desinteresadamente o material fotográfico que se publica nestes documentos.

Manuscrito rematado en marzo de 1994.

Tradución: Comunicación Multilingüe

Traductor: Valentín Arias

Deseño e Dirección Técnica: OPE Impresión: Benzal, S. A.

Depósito Legal: M. 13.539.—1994

Reproducción autorizada, salvante con fins comerciais, sempre que se cite a fonte.

Fotografías: Arquivo fotográfico de Turespaña (Secretaría General de Turismo), Agencia EFE e Unión Fenosa (prohibida a súa reprodución).

Í N D I C E



- 2** Prólogo
- 4** Datos básicos
- 5** Galicia:
Características Socioeconómicas
- 11** A Unión Europea e as súas rexións
- 23** As accións da Unión Europea
en Galicia
- 31** Enderezos de interese
- 37** Bibliografía básica
- 38** Siglas



P R Ó L O G O

1

1994 non vai ser un ano máis na Historia da Unión Europea.

Del ha emerxer un novo Parlamento Europeo, investido do poder que lle outorga o Tratado da Unión: un Parlamento elixido polos cidadáns, que terá que se enfrontar ós retos da construción europea na súa

dobre proxección interior e exterior, tanto nos aspectos cotiáns máis próximos ó cidadán como nas, por veces, difíciles decisións destinadas a consolida-la imaxe común da Unión.

A Comisión das Comunidades Europeas quixo poñer de relevo un dos aspectos máis complexos da integración: a inserción institucional das rexións no espazo común da nova Europa. A etapa que se abre a partir de agora caracterízase pola posta en funcionamento de novos instrumentos, tanto institucionais coma financeiros, para favorece-lo desenvolvemento rexional.

Parece oportuno facer coincidir coas eleccións ó Parlamento Europeo esta publicación, que foi realizada para salienta-la importancia da acción rexional nas políticas comunitarias.

O Tratado da Unión Europea, logo de ser ratificado por tódolos Estados membros, reforza considerablemente a participación do novo Parlamento no proceso comunitario de toma de decisións e crea así mesmo o Comité das Rexións que deberá contribuír a defini-las futuras accións comunitarias.

As rexións españolas, na súa diversidade, ofrecen unha plataforma idónea para optimizar e reforza-los mecanismos que se deseñaron para reduci-las diferencias entre as economías rexionais.

Neste sentido, as distintas Administracións do Estado español están levando a cabo un esforzo decisivo para mellora-lo nivel de vida dos seus cidadáns; e, nos últimos anos, a Unión Europea contribuíu a potenciar esta liña de acción a través

dos fondos estruturais e outras iniciativas comúns, debéndose reforza-lo seu alcance e contido no futuro inmediato.

N*esta serie de publicacións que presentamos, recóllense as principais características socioeconómicas das Comunidades Autónomas, así como gran parte das accións que a Unión Europea levou a termo en colaboración coas instancias locais, rexionais e nacionais implicadas no desenvolvemento económico e social do territorio español.*

E*spaña experimentou unha notable evolución desde a súa adhesión á Comunidade. Hoxe é imprescindible que tódolos seus compoñentes (institucións, empresas, cidadáns, etc.) saiban utilizar tódolos instrumentos e as vantaxes que ofrece a integración desde a dobre perspectiva económica e institucional.*

N*este contexto, o desenvolvemento das rexións españolas é parte integrante do desenvolvemento da Unión Europea.*

Madrid, 21 de marzo de 1994.



Gonzalo Velasco

Director da Representación da
Comisión Europea en España



D A T O S B Á S I C O S

Ano 1990	EUR12	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Superficie en %	100	22,4	1,3	0,4	0,4	0,3	0,2
Poboación en %	100	11,3	0,8	0,3	0,1	0,1	0,3
PIBppc* en %	100	9,0	0,5	—	—	—	—
Densidade demográfica (habitantes/km ²)	152,8	77,2	95,3	114,7	41,7	59,7	206,2
Taxa de natalidade (en %) (1989)	11,8	10,4	8,2	—	—	—	—
Taxa de mortalidade (en %) (1989)	10,0	8,4	9,5	—	—	—	—

* Producto Interior Bruto en paridades de poder de compra.

FONTE: EUROSTAT. Estadísticas Básicas (1993) e Portrait des Régions (1993).

Ano 1990	EUR12	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
% de emprego na agricultura sobre emprego total	7	12	32	24	50	50	24
% de emprego na industria sobre emprego total	33	33	25	25	18	17	31
% de emprego nos servicios sobre emprego total	60	55	43	51	32	33	45

FONTE: EUROSTAT. Estadísticas Básicas (1993) e Portrait des Régions (1993).

Ano 1992*	EUR12	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Taxa de paro**	9,4	17,8	16,6	12,2	9,1	9,1	13,9
Taxa de paro homes	8,0	13,6	13,2	—	—	—	—
Taxa de paro mulleres	11,5	25,5	20,8	—	—	—	—
Taxa de paro < 25 anos	18,1	32,3	32,0	—	—	—	—

* Os datos das provincias son de 1990.

** Media anual en porcentaxe da poboación activa.

FONTE: EUROSTAT. Estadísticas Básicas (1993) e Portrait des Régions (1993).

GALICIA: CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS



Galicia, situada no extremo occidental do continente europeo, ten unha superficie de 29.434 km² cunha extensión ó longo das súas costas de 1.309 km. O 31,4 % do seu territorio sitúase por riba dos 600 metros de altitude, e aproximadamente o 60 % da superficie da rexión está cuberta por explotacións forestais.

Os seus algo máis de 2,7 millóns de habitantes distribúense de forma moi desigual, pois que ó menos o 70 % destes residen no ámbito do eixe Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra, onde se sitúan os principais enclaves industriais e marítimos. Como consecuencia disto, as

A distribución da poboación de Galicia é moi desigual. A súa densidade demográfica é superior á media española e inferior á media da Unión Europea, aínda que o 70 % dos habitantes residen no eixe Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra.

Photographs removed due to copyright restrictions.

Ano 1992*	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
PIB en %	100	5,72	2,46	0,70	0,68	1,90
Participación da agricultura no PIB	4,1	8,1	6,79	16,78	9,32	8,76
Participación da industria no PIB	22,8	21,4	25,41	18,50	18,18	21,96
Participación da construción no PIB	8,1	10,0	8,55	11,01	12,40	10,95
Participación dos servizos no PIB	65,0	60,5	59,25	53,71	60,15	58,34

* Os datos provinciais refírense a 1991.

FONTE: Banco Bilbao Vizcaya e Fundación FIES.

características socioeconómicas e a densidade de poboación presentan unha substancial diferenza entre a zona costeira atlántica e os núcleos poboacionais interiores, con frecuencia moi dispersos e de reducido tamaño.

A industria concéntrase fundamentalmente nas dúas provincias do litoral atlántico, onde se xeran as tres cuartas partes da riqueza de Galicia.

En conxunto, Galicia presenta unha densidade de poboación superior á media española. Nalgún caso, como é a provincia de Pontevedra, a mesma supera incluso a rexistrada na Unión Europea. Pola contra, nas provincias de Lugo e Ourense o número de habitantes por km² non chega ós 60.

A taxa de natalidade da rexión é claramente inferior á media nacional, mentres que a súa taxa de mortalidade é máis elevada. Consonte estas variables, o crecemento

Ano 1992	EUR12	España	Galicia
PIB por habitante	100	76,50	62,49
Converxencia relativa no PIB por habitante desde 1985	0	+ 6,10	+ 4,73
Renda familiar dispoñible por habitante*	100	77,30	74,79
Gasto das Administracións territoriais sobre o PIB	—	15,70	20,83

* En paridades de poder de compra.

FONTE: Banco Bilbao Vizcaya, Fundación FIES e Ministerio para as Administracións Públicas.

da poboación durante os últimos dez anos foi negativo, con perda de habitantes en termos absolutos na provincia de Ourense e, en menor medida, na de Lugo. A estrutura da súa poboación amosa meirande proporción de persoas adultas, especialmente nesas dúas provincias, onde a porcentaxe de persoas con máis de 64 anos é superior en oito puntos á poboación por baixo dos 15 anos.

A estrutura económica de Galicia tamén presenta características propias, que a distinguen das máis das rexións europeas. A distribución da terra, en pequenas propiedades, contribúe a explica-lo alto peso relativo do emprego agrícola en comparanza cos niveis medios de España e a Unión Europea. A tradicional orientación da súa industria cara a sectores altamente sensibles no contexto da crise industrial europea obriga a prestar especial atención á mellora da competitividade do seu tecido productivo. Finalmente, mellora-la rede de transportes e comunicacións preséntase como un obxectivo esencial para favorece-lo desenvolvemento económico e social da rexión.

Como pode apreciarse polos indicadores contidos nos cadros que se achegan, Galicia, no seu conxunto, presenta unha actividade económica menor en termos per cápita có resto de España. Cunha poboación que representa algo máis do 7 % do total español, aporta o 5,72 % do Produto Interior Bruto; concentrándose nas provincias da Coruña e Pontevedra máis do 76 % da

○ PIB per cápita sitúase no 62,5 % do nivel medio da Unión Europea e 14 puntos por baixo da media española.

Ano 1991	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Poboación en %	100	7,03	2,82	0,99	0,91	2,31
Poboación < 15 anos en % sobre total da poboación	19,40	17,85	18,30	15,14	14,69	19,71
Poboación > 64 anos en % sobre total da poboación	13,75	16,29	14,70	21,86	22,71	13,32
Variación da poboación entre 1981 e 1991 en %	3,16	-1,21	1,30	-4,43	-13,81	3,14

FONTE: INE, Censo de Poboación de 1991.

Ano 1993*	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Taxa de actividade	49,3	50,8	49,1	52,2	49,9	53,0
Taxa de ocupación	37,9	41,8	40,9	46,4	42,7	43,2
Taxa de paro	23,9	18,80	16,7	10,2	14,5	18,6

* Os datos da Enquisa de Poboación Activa (activos, ocupados e parados) por provincias corresponden a 1992.

NOTA. A taxa de actividade e a taxa de ocupación corresponden ó 3.º Trimestre de 1993. A taxa de paro corresponde ó 4.º Trimestre de 1993. A primeira reflecte a proporción de poboación activa sobre a poboación de máis de 16 anos. A taxa de ocupación mide a proporción de persoas que traballan sobre a poboación de máis de 16 anos. A taxa de paro mide a proporción de persoas desempregadas en relación coa poboación activa.

FONTE: INE, Enquisa de Poboación Activa e Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

riqueza xerada. A estrutura sectorial da actividade productiva rexistra unha notable importancia da agricultura (8,1 %), claramente superior á media nacional, sobre todo en Lugo (16,78 %). O peso do sector servizos (60,5 %) é algo máis reducido cá media española (65 %), o mesmo que ocorre no sector industrial, por máis que non coa construción (10 %).

O desenvolvemento relativo da Comunidade, medido polo seu Produto Interior Bruto per cápita en paridades de poder de compra, sitúase nun nivel inferior ó da Unión Europea (62,49 %) e 14 puntos por baixo do nivel medio español. Ademais, utilizando o mesmo indicador, o ritmo de converxencia económica coa media europea foi menor có rexistrado para

As autoridades locais e rexionais, co apoio da administración central e das institucións da Unión Europea, teñen un importante papel que desempeñar a prol do desenvolvemento económico e a mellora do nivel de vida da Comunidade Autónoma de Galicia.

o conxunto nacional, reducíndose en 4,73 puntos as diferencias existentes ó longo do período 1985-1992; aínda que as estimacións máis recentes sobre o crecemento económico rexional presentan un mellor comportamento da economía galega en relación ás demais rexións españolas.

Os indicadores do mercado de traballo en Galicia reflecten unha posición menos desfavorable cá do resto da economía española, malia manifestaren tamén algúns problemas socioeconómicos específicos: tal é o subemprego e desemprego xuvenil. A taxa de actividade e o nivel de ocupación son superiores ós de outras rexións de España; e os indicadores que miden o

desemprego sitúan este por baixo da media nacional, tanto nos índices xerais coma nas taxas de paro por sexo e por idade.

Estas referencias poñen de relevo algunha das características económicas e sociais de Galicia, á configuración das cales contribúen en distinta media as administracións públicas. Ademais da incidencia da administración central na actividade económica, o crecente peso das administracións territoriais outorga un papel cada vez máis relevante ós niveis de goberno

A distribución da poboación e mailas carencias existentes en boa parte das infraestructuras básicas constitúen aspectos que cómpre considerar en calquera estratexia de desenvolvemento económico e social.

Photographs removed due to copyright restrictions.

rexional e local na provisión de bens e servicios esenciais para Galicia. Na medida das súas posibilidades, e en colaboracións coas administracións indicadas, a Unión Europea espera seguir prestando o seu apoio cada vez maior ó esforzo que require a mellora do nivel e a calidade de vida dos cidadáns de Galicia.

**Photographs removed due
to copyright restrictions.**



A diversidade existente entre as rexións que compoñen a Unión Europea constitúe, asemade, un atranco e un factor de enriquecemento da integración europea. As rexións confiren ós cidadáns un profundo sentido da súa identidade; circunstancia que, desde o punto de vista político e social, ha de ser considerada como un factor decisivo para o proceso de construción europea. Mais as rexións tamén manifestan de forma visible as desigualdades económicas existentes en Europa. Así, as dez rexións máis prósperas da Unión, con Groninga (nos Países Baixos) e Hamburgo (en Alemaña) á cabeza, son tres veces máis ricas e invisten tres veces máis na súa economía básica cás dez rexións máis pobres de Grecia e Portugal.

A Unión Europea comprometeuse a axudar a reducir estas diferencias mediante a posta en funcionamento de accións específicas e, sobre todo, mediante o apoio a aqueloutras actuacións emprendidas polos Estados membros e as propias autoridades rexionais, de acordo co principio de subsidiariedade. Trátase, por unha banda, de aborda-la construción do gran mercado e a unión

A construción europea hase ver enriquecida de lograrse, asemade, ter máis en conta as peculiaridades rexionais e reduci-las diferencias internas existentes.

Photographs removed due to copyright restrictions.

O Tratado da Unión Europea puxo a disposición dos obxectivos rexionais novos medios de acción de carácter institucional e financeiro.

económica e monetaria sen excluír a ninguén e, por outra, de enfoca-los problemas do espacio europeo desde unha perspectiva solidaria.

Como consecuencia desta filosofía, o Tratado da Unión reforzou algunhas iniciativas que xa se viñan realizando en Europa. En particular, confirmou a importancia que ten para a construción europea a redución das diferencias rexionais e puxo a disposición deste obxectivo

novos medios de acción de carácter institucional e, naturalmente, financeiro.

O recoñecemento institucional da diversidade existente na Unión Europea, mediante a creación e posta en funcionamento do Comité das Rexións, supón un paso importante para o desenvolvemento da fisionomía rexional europea. Tamén representa un factor de estímulo para robustece-la colaboración entre os distintos niveis multixurisdiccionais.

Esta potenciación política e institucional do papel das rexións na Unión Europea tivo o seu desenvolvemento paralelo na aplicación de medidas destinadas a corrixi-los desequilibrios económicos e sociais existentes desde o punto de vista sectorial e, sobre todo, rexional.

O Consello Europeo de Edimburgo, en decembro de 1992, aprobou as perspectivas financeiras para o período 1993-1999, poñendo especial énfase no reforzamento das accións estruturais. Neste sentido, acordouse potencia-la cohesión económica e social, incrementando os recursos destinados ó seu financiamento ata chegar ós 30.000 millóns de

EVOLUCIÓN DO SALDO FINANCEIRO ESPAÑA-UNIÓN EUROPEA (millóns de pts).

	1986	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994*
Total aportacións	110.886	137.364	236.220	296.626	383.741	557.096	659.080	792.557	937.934
Total gastos	102.481	176.264	398.218	483.993	510.125	953.030	990.496	1.144.026	1.307.168
Saldo	-8.405	38.900	161.998	187.367	126.384	395.934	331.416	351.469	369.234

* Estimación.

FONTE: Dirección Xeral de Orzamentos, Ministerio de Economía e Facenda.

SALDOS PRESUPOSTARIOS POR ESTADOS MEMBROS
(Media 1987-1991 en millóns de ecus)

Bélxica	-638,8
Dinamarca	314,6
Alemaña	-6.365,5
Grecia	2.084,6
España	1.398,4
Francia	-1.913,4
Irlanda	1.570,1
Italia	-609,1
Luxemburgo	-82,6
Países Baixos	526,8
Portugal	735,4
Reino Unido	-2.416,7

FONTE. Tribunal de Contas.

ecus en 1999, isto é, o 35,7 % do orzamento total da Unión Europea. Este conxunto de accións hanse centrar prioritariamente nos Estados membros menos prósperos, nas rexións ultrapirenaicas e nas zonas rurais da Unión.

Na actualidade, a Unión Europea dispón dun conxunto de Fondos Estructurais (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, FEOGA Orientación, Fondo Social Europeo e

O orzamento da Unión Europea espera destinar á cohesión económica e social máis dun tercio dos seus recursos (30.000 millóns de ecus en 1999).

Photographs removed due to copyright restrictions.

PONDERACIÓN E VALOR DO ECU

País-moeda	Ponderación no ECU (en %)	Valor central verbo do ECU
Bélxica (Franco B.)	8,21	40,2123
Dinamarca (Corona)	2,66	7,43679
Alemaña (Marco)	32,02	1,94964
Grecia (Dracma)	0,54	264,513
España (Peseta)	4,46	154,250
Francia (Franco F.)	20,37	6,53883
Irlanda (Libra I.)	1,06	0,808628
Italia (Lira)	8,47	1.793,19
Luxemburgo (Franco L.)	0,32	40,2123
Países Baixos (Florín)	10,01	2,19672
Portugal (Escudo)	0,72	192,854
Reino Unido (Libra E.)	11,16	0,786749

* O actual valor e a ponderación de cada moeda establecéronse o 14 de mayo de 1993

FONTE: EUROSTAT.

Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca), así como doutras accións específicas en ámbitos tan diversos como a investigación, o ensino, o transporte e as comunicacións ou o medio ambiente. Os devanditos instrumentos, xunto con outros de carácter financeiro, como é o Banco Europeo de Investimentos, artéllanse en función dos seguintes obxectivos prioritarios:

Os Fondos Estructurais da Unión Europea artéllanse a partir de obxectivos prioritarios en materia de desenvolvemento económico e social. O seu papel será cada vez máis importante.

- Obxectivo 1: Fomenta-lo desenvolvemento e o axuste estrutural das rexións menos desenvolvidas.
- Obxectivo 2: Reconverte-las rexións ou partes destas gravemente afectadas pola crise industrial.
- Obxectivo 3: Combate-lo paro de longa duración e facilita-la inserción profesional da xuventude e das persoas expostas á exclusión do mercado laboral.
- Obxectivo 4: Facilita-la adaptación dos traballadores ás mutacións industriais e á evolución dos sistemas productivos.

- Obxectivo 5a: Acelera-la adaptación das estruturas agrarias no

marco da reforma da Política Agrícola Común e axudar á modernización e reestructuración da pesca.

- Obxectivo 5b: Facilita-lo desenvolvemento e mailo axuste estrutural das zonas rurais.

Como pode apreciarse, os obxectivos 1, 2 e 5b teñen un carácter especificamente territorial, mentres que os obxectivos 3, 4 e 5a afectan a todo o ámbito da Unión.

Ademais, con carácter xeral pero con particular atención ás rexións máis necesitadas, a Unión Europea dispón dun conxunto de iniciativas de carácter sectorial e dunha rede de apoio local e rexional.

A Unión Europea dispón dun amplo abano de accións para contribuir a mellorar o nivel de vida dos seus cidadáns.

Photographs removed due to copyright restrictions.

Como complemento a estas seccións, o Tratado da Unión abriu a posibilidade de aplicar programas específicos nos países que, como España, presentan un menor nivel de desenvolvemento. Con este fin creouse o Fondo de Cohesión, que estará dotado cuns recursos globais para o período 1993-1999 equivalentes a 15.150 millóns de ecus, para distribuír entre os catro países nos que o Produto Nacional Bruto por habitante é inferior ó 90 % da media europea: Grecia, Portugal, Irlanda e España. Os proxectos subvencionables hanse centrar en accións (de carácter non substitutivo) en materia de medio ambiente e infraestruturas de interese común nos campos de transportes, comunicacións e enerxía (redes transeuropeas).

Ademais, neste intento de atender en mellores condicións as necesidades das rexións europeas, os Fondos Estructurais hanse incrementar nun 38,5 % ata 1999, aumentando a proporción dos recursos dispoñibles para

Os países e rexións con menor nivel de desenvolvemento requiren unha atención prioritaria por parte da Unión Europea.

compromisos correspondentes ó Obxectivo 1, considerado prioritario, ata absorber máis do 70 % do total.

Tamén se reforzará a intervención directa da Unión a través doutras iniciativas comúns a varias rexións. Estas últimas accións han absorber entre o 5 % e o 10 % dos recursos totais e terán como destino principal a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional

e maila asistencia ás rexións ultraperiféricas. As súas liñas futuras de actuación terán que se centrar nos seguintes campos e instrumentos:

- Redes transfronteirizas (INTERREG, REGEN).
- Desenvolvemento rural (LEADER).
- Integración de rexións ultraperiféricas (REGIS).
- Promoción do emprego e desenvolvemento de recursos humanos (NOW, HORIZON, EUROFORM).
- Xestión dos cambios industriais (RESIDER, RETEX, KONVER, PRISMA, TELEMATIQUE, STRIDE).

A aplicación dos Fondos Estructurais ha seguir orientando o seu

Photographs removed due to copyright restrictions.

funcionamento a partir dos principios básicos de concentración, programación, asociación e adicionalidade, ó tempo que se melloran os procedementos de coordinación, decisión, xestión e control. Estes procedementos e guías de acción teranse que regulamentar de acordo co principio de subsidiariedade establecido para as accións levadas a cabo pola Unión Europea en colaboración coas distintas instancias nacionais, rexionais e locais dos seus Estados membros. Como lembra o artigo 3B: as institucións europeas actuarán só na medida en que os obxectivos da acción emprendida non poidan ser alcanzados de maneira suficiente polos Estados membros e, polo tanto, poidan lograrse mellor, debido á dimensión ou os efectos da acción complementaria a nivel comunitario.

Estas liñas xerais de actuación configuran un panorama de accións de singular transcendencia para a economía española. Así, con carácter xeral, a participación de España no conxunto das accións estruturais da Unión

España, mediante os Fondos Estructurais e mailos novos instrumentos de cohesión, ha seguir a manter un saldo positivo nas súas relacións financeiras coa Unión Europea.

Europea aumentará en 1999 ata o 24 % do total de recursos destinados a eses obxectivos, mentres que na actualidade supón un 21 %. O tal volume de recursos ha seguir contribuíndo de forma significativa ó mantemento dun saldo financeiro favorable nas relacións presupostarias de España coa Unión Europea.

Ó finalizar en 1993 a vixencia dos distintos Marcos Comunitarios de Apoio, que cubrían os elementos fundamentais e obxectivos prioritarios das accións estruturais de cada Estado beneficiario, resultou necesario revisa-lo papel dos Fondos Estructurais para adecualos ás novas necesidades detectadas. Así, ó longo do pasado ano, aprobáronse os novos Regulamentos que establecen os marcos reguladores de carácter normativo das accións estruturais e procedeuse a establece-lo reparto indicativo entre os Estados membros das asignacións presupostarias máis significativas.

A revisión das futuras liñas de actuación supuxo a ampliación dos ámbitos de aplicación dos distintos Fondos, a selección de novas zonas beneficiarias e a introducción de criterios de programación destinados a aumenta-lo grao de coordinación e eficacia deses instrumentos.

A maior parte das rexións españolas verán incrementadas as accións de apoio por parte da Unión Europea. En respecto ó principio de subsidiariedade, as institucións europeas han actuar cada vez en maior consonancia coas esferas de decisión máis próximas ós cidadáns.

A distribución dos recursos financeiros, coa súa dotación destinada especialmente ó Obxectivo 1 para os catro países beneficiados pola cohesión, baséase nun sistema de bandas ou horquillas. A España correspóndelle a maior proporción: entre 36.500 e 38.500 milleiros de millóns de ecus para o período 1993-1999. Dentro deste Obxectivo, que afectará a un 26,6 % da poboación europea, inclúense 10 Comunidades Autónomas españolas (Andalucía, Asturias, Canarias, Cantabria, Castela e León, Castela-A Mancha, Comunidade Valenciana, Estremadura, Galicia e Murcia), ademais das cidades de Ceuta e Melilla. E a estes recursos hai que engadi-la dotación das iniciativas comunitarias,

xestionadas directamente pola Unión Europea a través dos seus programas de actuación.

Photographs removed due to copyright restrictions.

Os recursos dos Fondos Estructurais canalizados cara a España no período 1989-1993 absorberon o 27 % do total de axudas ó Obxectivo 1, atinxindo ó 58 % da poboación española. A estes medios financeiros (9 779 millóns de ecus) hai que engadi-la contía (823 millóns de ecus) doutros programas de actuación (RECHAR, ENVIREG, STRIDE, REGIS, PRISMA, TELEMATIQUE, INTERREG, LEADER, NOW, EUROFORM, HORIZON e RETEX).

O Plano de Desenvolvemento Rexional español para o período 1994-1999, presentado á Comisión Europea en outubro de 1993, ascende a 93.000 millóns de ecus e eleva os recursos solicitados dos Fondos Estructurais a 26.300 millóns de ecus, un 28,28 % do total.

A estas accións engádense os recursos dirixidos a garanti-lo cumprimento dos Obxectivos 2 e 5b, de incidencia territorial moi significativa. Así, as actuacións dentro do Obxectivo 2 beneficiaron a once provincias de sete

As accións da Unión Europea pretenden contribuír a dinamiza-las economías rexionais, potenciando o mellor aproveitamento do capital físico e humano.

Comunidades Autónomas (Aragón, Cantabria, Cataluña, Madrid, Navarra, A Rioxa e o País Vasco), cunha suma de 1.361 millóns de ecus no período 1989-1993. Os recursos previstos para os próximos anos (incluíndo Baleares e excluída Cantabria malia formar parte das rexións do Obxectivo 1) superan os 1.130 millóns de ecus (o 16,2 % do total destinado ó Obxectivo 2 entre 1994 e 1996). Finalmente, as accións territoriais do Obxectivo 5b en oito Comunidades Autónomas (Aragón, Baleares, Cantabria, Cataluña, Madrid, Navarra, A Rioxa e o País Vasco) supuxeron axudas de case 288 millóns de ecus, esperándose un importe

o Parlamento Europeo e mailo Comité de Rexións han levar a cabo un labor de fundamental importancia en prol da integración europea e do afianzamento dos espacios rexionais.

de 664 millóns de ecus nos próximos anos. Ademais, as accións específicas (STAR e VALOREN e, no futuro, INTERREG, LEADER, RECHAR, ENVIREG e RETEX) contribuirán a garantir máis recursos.

As novas orientacións dos Fondos Estructurais e do Fondo de Cohesión pretenden facilita-la consecución dun nivel máis homoxéneo de desenvolvemento económico e social. A dotación presupostaria das accións estruturais e a súa distribución resulta, así, coherente co papel asignado ó orzamento europeo e coa magnitude dos

Photographs removed due to copyright restrictions.

problemas que se presentan nos Estados destinatarios das axudas. Con todo, a importancia destas accións non se centra unicamente na súa dimensión financeira, senón sobre todo na súa capacidade para relanzar investimentos e dinamiza-la actividade económica rexional e nacional, a través da potenciación do capital físico da economía española — infraestructuras basicamente— e do seu capital humano —formación profesional.

Ora, o aumento dos recursos destinados a reduci-las disparidades existentes entre as rexións da Unión Europea, aínda sendo fundamental, non abonda para emprender con éxito a nova etapa aberta na construción europea de cara ó próximo século. Tamén se requiría unha notable mellora no proceso de adopción de decisións en tódolos niveis de goberno, máxime nun período caracterizado por un novo marco de relacións entre as institucións da Unión Europea e aqueloutras que se atopan máis próximas ós cidadáns receptores das axudas en materia de desenvolvemento. Polo que fai á Unión Europea, a adecuada aplicación do principio de subsidiariedade ha precisar dun esforzo continuo por aproveitar ó máximo as ensinanzas que proporcionan as experiencias ata agora adquiridas. Consideración, esta, que é válida tanto para os aspectos de carácter xeral (reducción do déficit democrático e novas atribucións do Parlamento Europeo) como para aqueloutras que atinxen máis especificamente ós espazos rexionais (constitución do Comité das Rexións previsto no Tratado da Unión Europea).

Nesta liña, o Parlamento Europeo elixido en xuño de 1994 ha ter que levar a cabo unha tarefa de fundamental importancia no desenvolvemento da Unión Europea. Trátase dun labor de impulso e de representación, mais tamén de estímulo e de guía no proceso de integración europeo, así como de defensa dos intereses dos cidadáns involucrados no devandito proceso, cumprindo esforzarse por dar en cada nivel de goberno con respostas axeitadas á natureza dos problemas presentados.

Como novidade para a nova etapa que, malia as dificultades existentes, está a abri-lo seu camiño en Europa, o Comité das Rexións iniciou o labor de apoio ás demais institucións da Unión no ámbito específico das súas

competencias: a consolidación dos espazos rexionais europeos. Isto é, o afianzamento de Europa e as súas rexións.

A este obxectivo estarán dedicados nos próximos anos os 189 membros do Comité das Rexións, 21 dos cales representan a España (un por cada Comunidade Autónoma e catro en representación das distintas instancias locais). Emporiso, o seu labor só callará nun bo aproveitamento se desde tódalas administracións (corporacións locais, comunidades autónomas e administracións centrais) se segue a traballar activamente en prol da redución das diferencias internas que actualmente existen na Unión Europea.

**Photographs removed due
to copyright restrictions.**



Como foi sinalado, a Unión Europea dispón de medios de acción especificamente orientados a reduci-las diferencias entre as súas rexións e facilita-la cohesión interna. Algúns deles aplicáronse e serán aplicados en Galicia. Ora, trátase sempre de instrumentos complementarios ó esforzo realizado polas distintas Administracións (Locais, Autonómica e Central) competentes nas cuestións diversas.

As axudas á agricultura, en difícil situación fronte á competencia europea, e o apoio á reconversión industrial e á modernización dos servizos son algunhas das accións

Nos próximos anos, os novos recursos destinados a accións estruturais e de cohesión tamén han contribuír, cada vez en maior medida, a resolver algúns dos problemas específicos de Galicia.

Photographs removed due to copyright restrictions.

As estratexias aplicadas para favorecer-lo desenvolvemento de Galicia centráronse no estímulo dos investimentos privados, a reestructuración da agricultura e a mellora das infraestructuras.

que a Unión Europea considera prioritarias para o desenvolvemento de Galicia. A distinta énfase posta en cada subsector pretendeu cadrar en consonancia cos estímulos internos e mailas necesidades endóxeas. Mais tamén estivo guiada polo menor nivel de vida relativo desta rexión respecto da media europea. En definitiva, as súas maiores necesidades en comparación con outras rexións, así como a presenza de problemas específicos en materia de dotacións básicas e na actividade dos seus sectores productivos, requiriu unha acción conxunta encamiñada a facilitar unha adecuada inserción de Galicia na economía da Unión Europea.

A importancia do seu patrimonio histórico e natural obriga a ter cada vez máis en conta a protección do seu ámbito e a defensa do medio ambiente; non só como requisito para unha axeitada política rexional, senón tamén como aspecto básico para aproveitar ó máximo a aportación do turismo á riqueza de Galicia.

Estas circunstancias significaron a inclusión da rexión no Obxectivo 1 das accións estruturais da Unión Europea, beneficiándose directamente das axudas financeiras, especialmente nos últimos anos. A máis de ser Galicia receptora de recursos procedentes doutras iniciativas europeas.

Nos próximos anos, a Unión Europea espera reforza-la súa contribución ó desenvolvemento de Galicia e á mellora do benestar dos seus cidadáns.

FONDOS ESTRUCTURALS E ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO

As estratexias de desenvolvemento seguidas en Galicia durante os últimos anos puxeron a énfase nos instrumentos de estímulo ós investimentos privados na industria e os servizos, a reestructuración

do sector primario e maila mellora das infraestructuras. O Programa Operativo establecido para o período 1991-1993 contiña cinco eixes de acción no camiño de facilita-lo logro dos devanditos obxectivos a partir dunha adecuada coordinación das distintas Administracións involucradas na política de desenvolvemento rexional. O custe total presupostado para o programa ascendía a 13.742 millóns de pestas, dos cales o FEDER debía financiar un 55,9 % e a Administración Autonómica o resto.

O primeiro eixe de acción ou subprograma pretendeu aborda-lo ámbito da **industria, os servicios e artesanía**, mediante un conxunto de axudas para a creación de empresas e a promoción de

As PYME, o turismo, o apoio á actividade económica, a mellora dos recursos humanos e maila asistencia técnica canalizaron as accións emprendidas polas Administracións españolas, en numerosas ocasións con apoio europeo.

Photographs removed due to copyright restrictions.

A Unión Europea promoveu distintas iniciativas en campos tan diversos como a investigación, a educación, o mundo rural ou o transporte.

investimentos. Tamén se incluíron medidas de apoio económico ás **PEMES** e iniciativas destinadas á construción e ampliación de **polígonos industriais**. A maiores, en materia de desenvolvemento local, construíronse dous centros de artesanía, un en Santiago e outro en Lugo, e un centro de deseño industrial en Ferrol.

Photographs removed due to copyright restrictions.

O segundo eixe estivo enfocado cara ó desenvolvemento do **turismo**, a través de distintas accións en favor de empresas e familias para a rehabilitación de casas e o aproveitamento de zonas rurais. Acción complementada con obras de recuperación e mantemento dos recursos de interese cultural e turístico da rexión.

O terceiro ámbito de acción tivo como obxectivo o desenvolvemento da infraestrutura de **apoio ás actividades económicas**. Son exemplos destas accións a planta de tratamento físico-químico de residuos tóxicos e perigosos construída en Somozas (Coruña), a construción e dotación de edificios para albergalo Instituto Tecnolóxico en Ferrol e o Laboratorio do Granito no Porriño (Pontevedra), ou os programas de equipamento para outros centros no Barco de Valdeorras (Ourense) e A Grela (Coruña).

Por último, os eixes cuarto e quinto destináronse, respectivamente, á valorización dos **recursos humanos** e á **asistencia técnica**; permitindo a canalización de axudas para equipamentos e realizacións de distintos estudos e proxectos nos ámbitos devanditos.

Con estas iniciativas e coas accións de carácter xeral emprendidas polas Administracións Locais, Autonómica e Central, frecuentemente con apoio dos Fondos Estructurais da Unión Europea, preténdese abordar algúns dos principais desequilibrios que caracterizan a estrutura económica e o tecido social de Galicia.

Entre os tales desequilibrios merece un tratamento especial o relativo ó mercado de traballo, e máis concretamente, ó escaso peso do emprego asalariado sobre o emprego total de Galicia, consecuencia das estruturas agrarias existentes. Trátase de absorberlos excedentes de man de obra que se han producir como resultado da modernización da agricultura, que se sumarán ós dos sectores industriais en reconversión. Todo isto nun clima social de alta incidencia do desemprego no conxunto de rexións españolas e de reducidas taxas

Nos próximos anos, a Unión Europea ten previsto contribuír de xeito máis activo ás necesidades financeiras que require a reestructuración productiva e a mellora das infraestructuras e o capital humano de Galicia.

migratorias, en termos absolutos e en comparanza cos niveis tradicionalmente rexistrados.

A estrutura productiva de Galicia tamén presenta trazos de localización específicos, en particular debido ó alto peso relativo do emprego industrial no eixe Coruña-Ferrol e Pontevedra-Vigo. Como consecuencia, rexístrase unha importante concentración do impacto social dos procesos de reconversión e das industrias en declive.

Así mesmo, existen outros factores que a súa mellora debe facilita-lo desenvolvemento de Galicia. Entre eles, poden ser mencionados a modernización das infraestruturas de comunicacións, a ampliación dos sectores de servizos de apoio á produción, e mesmo o estímulo dos programas de formación da man de obra.

OUTRAS ACCIONS DA UNION EUROPEA EN GALICIA

A través de iniciativas de distinta índole, a Unión Europea apoiou e ha apoia-lo desenvolvemento de Galicia. A axuda facilitada tralo afundimento do petroleiro Mar Exeo, en 1992, as axudas á pesca ou mesmo o apoio á loita contra a drogadicción constitúen algúns exemplos das devanditas accións.

En total, durante o **período 1989-1993**, os Fondos Estructurais destinaron á rexión 537 millóns de ecus. Algunhas das principais realizacións sitúanse na mellora do ferrocarril Lalín-Santiago, a autovía entre Vigo e a fronteira portuguesa, o desvío da estrada en Mondoñedo, a ampliación dos aeroportos ou, de forma máis xenérica, na promoción de actividades de apoio ás industrias e empresas de servizos.

No **sector agrícola**, a Unión Europea adxudicou 168 millóns de ecus para proxectos en Galicia. Figuraban entre eles a rehabilitación de 66.833 hectáreas, a creación de 816 km de vías agrarias, a apertura de 1.400 km de devasas para corta-lo lume e a reforestación de 10.648 hectáreas de bosques.

En total, máis de 59.000 labregos, agricultores e gandeiros, recibiron

apoio directo para permaneceren en zonas especialmente difíciles ou montañosas e máis de 1.500 produtores gozaron de axudas para a modernización das súas actividades e o establecemento de xoves agricultores.

En **materia educativa**, a comunidade autónoma de Galicia participou en dous proxectos COMETT, cun orzamento de 20.530 ecus, e 41 proxectos ERASMUS que permitiron o intercambio de case 300 alumnos universitarios, con destino preferente na Universidade de Santiago.

Ademais, leváronse a cabo dúas accións no marco do Programa PETRA, para facilita-lo acceso da xente nova ó mercado de traballo, e un proxecto TEMPUS, para o intercambio de estudantes entre a Universidade da Coruña e os países do Leste de Europa.

No ámbito da investigación, 18 organizacións galegas participaron en contratos de investigación con outros países europeos, o que supuxo unha contribución da Unión Europea por valor de 2.018.037 ecus entre 1987 e 1992. Así mesmo, realizouse un proxecto no marco do Programa ESPRIT, de tecnoloxía electrónica, por un importe global de 16.000 ecus.

Photographs removed due to copyright restrictions.

Galicia tamén foi beneficiaria doutras accións en ámbitos tan diversos como son o apoio á reconversión dos **sectores do carbón e do aceiro**, a axuda ós **pescadores** afectados pola contaminación resultante do naufraxio de decembro de 1992 ou as accións en materia de **turismo**. Estas últimas representaron, de 1989 a 1993, unha axuda de 8.895.000 ecus.

Trátase, nalgunhas ocasións, de iniciativas de localizado efecto, aínda que de singular influencia na configuración dun espacio cada vez máis aberto ós intercambios e ó progreso das rexións europeas e os seus cidadáns.



CENTROS DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN EUROPEA

A **Comisión Europea** creou unha rede de centros de información e documentación no territorio español, para que tódolos cidadáns teñan acceso á información comunitaria.

Esta rede está composta de centros con diferentes cometidos que teñen certa complementariedade no que fai á súa especialización e á súa localización xeográfica.

Nas **Eurobibliotecas** pódese consulta-la documentación básica da Unión Europea.

Ó mundo da Universidade están particularmente destinados os **Centros de Documentación Europea** (CDE), estatuto de tal que é outorgado a Universidades onde se estudia ou investiga sobre a integración europea. Os CDE reciben un servizo automático de publicacións da C.E. e poden acceder a bases de datos comunitarias.

O programa de acción para as PEMES reconece que a cooperación empresarial constitúe un elemento fundamental da política empresarial comunitaria. A Comisión puxo a disposición das empresas dúas redes europeas de cooperación empresarial:

- Os **B.C.** (Business Cooperation Network) axudan ás empresas a atoparen outras empresas coas que poden traballar interrexional e transnacionalmente.
- Os **Centros de Cooperación Empresarial** (BRE ou Bureau de Rapprochement des Entreprises), facilitan ás empresas o libre acceso ós ofrecementos de cooperación para asegura-la difusión de oportunidades a escala internacional.

Ademais, as **Euroxaneliñas** ofrecen ás PEME información sobre calquera aspecto das políticas, asuntos, normativas e proxectos comunitarios.

Os **Centros Europeos de Empresas e de Innovación** (CEEI) teñen como obxectivo a rexeneración de economías locais en áreas con potencial de desenvolvemento industrial, dedicando recursos ó labor de afortala-lo sector empresarial na zona.

A CORUÑA

Centros de Documentación Europea
Universidade de Santiago
Facultade de Ciencias Económicas
e Empresariais
Xoán XXIII, s/n
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono (981) 57 33 35
Télex: 86013 EDUCIE

Universidade da Coruña
C.I.D.E.C.
Alameda, 30-32, 3º
15003 A CORUÑA
Teléfono: (981) 22 21 33
Fax: (981) 22 52 08

Eurobiblioteca

Biblioteca Pública do Estado
San Carlos, 10-12, 1º
15001 A CORUÑA
Teléfono: (981) 20 95 38 / 96 83

Euroxaneliña e B.C. Net

Confederación de Empresarios de
Galicia
Rúa do Vilar, 54
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono (981) 56 04 95 a 99
Fax: (981) 56 57 88

B.C. Net

Banco Pastor
Cantón Pequeno, 1 - 4º, dta.
15003 A CORUÑA
Teléfono (981) 22 01 07
Fax: (981) 22 80 41

Audidores Asociados de Galicia, S. A.
Rúa Nova, 28 -1º
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono (981) 56 28 79
Fax: (981) 58 15 61

Centro Europeo de Empresas **e Innovación**

CEEI Galicia, S. A.
Conga, 1
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono (981) 57 26 55

LUGO

Eurobiblioteca

Biblioteca Pública Provincial
Avda. Ramón Ferreiro, s/n
27071 LUGO
Teléfono: (982) 22 85 25

OURENSE

Eurobiblioteca

Biblioteca Pública do Estado
Concello, 11
32003 OURENSE
Teléfono: (988) 21 07 00
Fax: (988) 21 85 50

PONTEVEDRA

Eurobiblioteca

Biblioteca Pública
Afonso XIII, 3
36002 PONTEVEDRA
Teléfono: (986) 85 08 38
Fax: (986) 86 21 27

B.C. Net

Cámara de Comercio de Vigo

Velázquez Moreno, 22

36202 VIGO

Teléfono: (986) 43 25 33

Fax: (986) 43 56 59

**Centro Europeo de Empresas
e Innovación**

BIC Galicia

Avda. Alcalde Portanet, 37 - 2º (edif.

Zona Franca)

36211 VIGO

Teléfono: (986) 20 98 49

Fax: (986) 20 78 82

POLÍTICA ESTRUCTURAL COMÚN**FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)****Ministerio de Economía
y Hacienda**

Dirección General de Planificación
Subdirección General de Gestión
y Administración del FEDER

Paseo de la Castellana, 162 planta 19
28046 MADRID

Teléfonos: (91) 583 52 23/24

Fax: (91) 583 52 72

Xunta de Galicia

Consellería de Economía e Facenda
Dirección Xeral de Planificación
e Relacións coa CE

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15071 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: (981) 56 41 00, ext. 3510

**FONDO EUROPEO DE ORIENTACIÓN
E DE GARANTÍA AGRÍCOLA (FEOGA)**

SECCIÓN GARANTÍA

Organismo de coordinación:

**Ministerio de Agricultura, Pesca
y Alimentación**

Fondo de Ordenación y Regulación
de Producciones y Precios
Agrarios (FORPPA)
Administración General

José Abascal, 4
28003 MADRID
Teléfono: (91) 347 67 02
Fax: (91) 594 34 88
Telex: 45506

Fondo de Regulación y Organización
del Mercado de Productos de
la Pesca y Cultivos Marinos (FROM)

Estébanez Calderón, 3, 8.ª planta
28020 MADRID
Teléfonos: (91) 572 02 01/2/3
Fax: (91) 571 45 62
Telex: 43005/48652

SECCIÓN ORIENTACIÓN

Organismo de coordinación:

**Ministerio de Agricultura, Pesca
y Alimentación**

Secretaría General de Estructuras
Agrarias
Instituto Nacional de Reforma
y Desarrollo Agrario (IRYDA)

Paseo de la Castellana, 112
28071 MADRID
Teléfono: (91) 347 15 00
Fax: (91) 411 37 70/564 52 65
Telex: 48979

Xunta de Galicia

Consellería de Economía e Facenda
Dirección Xeral de Planificación
e Relacións coa CE

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: (981) 56 60 00, ext. 2352
Fax: (981) 57 17 15

FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE)

Ministerio de Trabajo y Seguridad Social

Dirección General de Empleo
Unidad Administradora del Fondo
Social Europeo


Pío Baroja, 6
28009 MADRID
Teléfono: (91) 574 69 03
Fax: (91) 574 16 01

Xunta de Galicia

Consellería de Economía e Facenda
Dirección Xeral de Planificación e
Relacións coa CE

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15071 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: (981) 56 60 00, ext. 2352
Fax: (981) 57 17 15

**Photographs removed due
to copyright restrictions.**



- BANCO BILBAO VIZCAYA: *Informe Económico 1992*, Bilbao, 1993.
- COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS: *Vademécum de la Reforma de los Fondos Estructurales Comunitarios*, Luxemburgo, OPOCE, 1989.
- COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS: *Fondos Estructurales Comunitarios 1994-1999*, Luxemburgo, OPOCE, 1993.
- COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS: *Cuarto informe anual de la Comisión sobre la aplicación de la reforma de los Fondos Estructurales, 1992*, COM(93), 530 final, Bruselas, 1993 (e documentos complementarios sobre Fondos Estructurales e iniciativas comunitarias 1990-1993).
- COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS. REPRESENTACIÓN EN ESPAÑA:
"Comunidad Europea ¡Dígame! Guía de Información Europea en España", 5.ª ed., Madrid, Comisión de las Comunidades Europeas, Representación en España, 1993.
- EUROSTAT: *Estadísticas básicas de la Comunidad*, 3ª ed., Luxemburgo, OPOCE, 1993.
- EUROSTAT: *Portrait des Regions*, tomo 3, Luxemburgo, OPOCE, 1993.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA: *Encuesta de Población Activa*, Madrid, 1993 e 1994.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA: *Censo de Población 1991*, Madrid, 1993.
- MINISTERIO PARA LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS: *Presupuestos consolidados de las Administraciones Territoriales por Provincias y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1993.
- MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA: *Plan de Desarrollo Regional de España 1988-93*, Madrid, 1989.
- MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA: *Política Regional en 1991*, Madrid, 1992.
- MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA: *La Planificación Regional y sus instrumentos*, Madrid, 1993.
- MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA: *Presupuestos Generales del Estado para 1994. Informe Económico-Financiero*, Madrid, 1993.
- MINISTERIO DE TRABAJO Y SEGURIDAD SOCIAL: *Anuario de Estadísticas Laborales*, Madrid, 1993.
- PAPELES DE ECONOMÍA ESPAÑOLA: "Comunidades Autónomas. situación económica actual", nº 55, Fundación FIES, Madrid, 1993.
- TRIBUNAL DE CUENTAS DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS: *Informe Anual relativo al ejercicio 1991, acompañado de respuestas de las instituciones*, D.O.C.E. C 330 de 15.12.1992, Luxemburgo, OPOCE.



SIGLAS

ALTENER	Programa sobre enerxías alternativas.
COMETT	Programa de cooperación entre a universidade e a empresa en materia de formación no campo das tecnoloxías.
ENVIREG	Programa de medidas rexionais da Comisión en materia de medio ambiente.
ERASMUS	Programa de acción en materia de mobilidade dos estudantes universitarios.
ESPRIT	Programa estratéxico de investigación e desenvolvemento en tecnoloxías da información.
EUROFORM	Iniciativa consistente na preparación, realización, avaliación e divulgación das accións relativas ás novas cualificacións, novas competencias e novas oportunidades de emprego.
EUROSTAT	Oficina Estatística das Comunidades Europeas.
EUROTECNET	Programa de acción destinado a fomenta-la innovación no sector da formación profesional.
FEDER	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.
FOEGA	Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola.
FORCE	Programa de acción para o desenvolvemento da formación profesional continua.
FSE	Fondo Social Europeo.
HORIZON	Iniciativa referente á inserción profesional dos minusválidos e de certos grupos desfavorecidos.
INTERREG	Iniciativa destinada a mellora-las conexións entre rexións fronteirizas.
I+D	Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico.
KONVER	Programa para facilita-la reconversión das zonas militares.
LEADER	Iniciativa para favorece-lo desenvolvemento da economía rural.
LINGUA	Programa para promove-lo coñecemento de linguas estranxeiras na Unión Europea.
MCA	Marcos Comunitarios de Apoio. Instrumentos de coordinación das accións da Unión Europea e das autoridades nacionais, rexionais e locais nos obxectivos prioritarios establecidos.

NOW	Iniciativa a prol da igualdade de oportunidades das mulleres no emprego e a formación profesional.
PACT	Acción Piloto para o Transporte Combinado.
PETRA	Programa para a formación e preparación da xente nova para a vida adulta e profesional.
PIBppc	Producto Interior Bruto en paridades de poder de compra. Macromagnitude ponderada pola capacidade de compra de cada país (corrixida polo nivel de prezos).
PRISMA	Iniciativa destinada a mellorar e amplia-las infraestructuras e os servicios a empresas e asistencia técnica ás PEME das rexións desenvolvidas.
PYME	Pequena e Mediana Empresa.
RECHAR	Programa de reconversión económica de conchas carboníferas.
REGEN	Programa para o desenvolvemento das redes enerxéticas.
REGIS	Programa para facilita-la integración das rexións illadas.
RESIDER	Programa de reestructuración do sector da industria siderúrxica.
RETEX	Programa de apoio ás rexións téxtiles.
RFDppc	Renda Familiar Dispoñible en paridades de poder de compra. Macromagnitude corrixida polos prezos de cada rexión. Recolle con máis fidelidade ca outros indicadores o nivel de vida real dos cidadáns dunha rexión.
STAR	Programa de acción especial de telecomunicacións para o desenvolvemento rexional.
STRIDE	Programa para reforza-la capacidade rexional en I+D.
TELEMATIQUE	Programa para a utilización de servicios avanzados de telecomunicacións.
TEMPUS	Programa de mobilidade transeuropea en materia de estudos universitarios.
THERMIE	Tecnoloxía europea para a xestión eficaz da enerxía.
VALOREN	Programa sobre enerxía endóxena.